

CAMIÑO A CAMIÑO 2012

O programa de educación medioambiental “Camiño a Camiño” desenvolto pola Concellería de Medio Ambiente ten previsto para o **primeiro semestre de 2012** unha programación que combina as rutas medioambientais clásicas por Vigo e bisbarra con rutas por Galicia e con actividades dirixidas especificamente ao público infantil e familiar e ao público xuvenil.

“Camiño a Camiño” ten como obxectivo a sensibilización medioambiental e o fomento de hábitos saudables entre a cidadanía viguesa. Nesta edición incorpóranse obxectivos formativos e de iniciación a actividades en medio natural.

Para profundar nos contidos programados nas rutas, a maioría delas organízanse en bloques de 2 ou 3 fins de semana, tratando así durante ese período contidos específicos como os humedais, a configuración da Ría de Vigo ou os faros da ría.

De cara a poder desenvolver un programa amplo e diverso de actividades, aquelas desenvoltas fóra do termo municipal de Vigo terán que aboar directamente o custe do desprazamento.

Programa por actividades

[Rutas por Vigo e bisbarra](#)

[Rutas por Galicia](#)

[Actividades infantís e familiares](#)

[Cursos e Voluntariado medioambiental](#)

RUTAS POR VIGO E BISBARRA

1º TRIMESTRE (Xaneiro – Marzo)

Rutas polas zonas húmidas de Vigo

Con motivo do **Día das zonas húmidas** (2 de febreiro), a **Concellería de Medio Ambiente** adica o primeiro bloque de rutas a visitar os principais humidais da cidade para poder comprobar a súa riqueza en termos de biodiversidade, así como os avances feitos nos últimos anos na recuperación dos mesmos.

Segundo o **Convenio sobre as zonas húmidas** asinado en Ramsar (Irán, 1971) “la diversidad cultural y biológica de los humedales representa una riqueza que nos sustenta física y psicológicamente. El patrimonio cultural de los humedales es resultado de la milenaria asociación de estos con las personas, una relación que ha aportado ‘riqueza’ a la sociedad humana y que debe seguir haciéndolo para las generaciones futuras”.

29 xaneiro (domingo): Visita á zona húmida do Vao, con ruta dende Praia da Fonte

5 febreiro (domingo): Visita á zona húmida da Bouza, con ruta dende Bouzas

12 febreiro (domingo): Visita á zona húmida de Muíños-Goberna, con ruta dende Cabo Estay

Rutas pola Península do Morrazo

A ría de Vigo, con 35 km de lonxitude dende Cabo Silleiro e unha anchura máxima de 7 km, é singular entre as Rías galegas tanto pola súa profundidade como por conformar a ensinada de San Simón despois do estreitamento de Rande (700 m).

Co obxecto de completar as rutas feitas ao longo dos concellos que circundan a ría, durante o mes de febreiro e principios de marzo están previstas tres rutas que van permitir abordar a conformación da ría de Vigo, a súa orografía e a climatoloxía particular da que dispón. Tamén se vai abordar como a riqueza en nutrientes das augas da ría está relacionado co afloramento das correntes de augas profundas e frías procedentes do norte, ou como é posible localizar unha fraga de montaña á beira do mar.

19 febreiro (domingo): Lago Castiñeiras - Xaxán

26 febreiro (domingo): Fragas de Moaña.

4 marzo (domingo): Xaxán - Monte Paralaia (Cangas)

Sendeiro das Greas (GR-58)

Durante todo o ano 2012 está previsto percorrer en 12 etapas o Sendeiro das Greas, con 206 km no seu percorrido orixinal e preto de 250 se se engaden as rutas alternativas. Trátase do sendeiro máis longo de Galicia e discorre por todos os municipios da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

O nome do sendeiro procede das greas de cabalos e, de feito, percórrense moitas zoas de curros e rapas. Sen dúbida é unha homenaxe ao vínculo histórico entre o home e o cabalo salvaxe, que xa quedou recollido nos gravados rupestres nos que se representan greas de cabalos e ata pode que xinetes ou loitadores.

A modo de resume pódese dicir que vaise poder contemplar todo o atractivo medioambiental e a orografía do sur de Pontevedra, así como percorrer lugares tan sinalados como: muíños da Devesa, carballeira de Barragán, fraga e ribeiras de Couñago, foxo de lobos (antiga trampa para cazar estes animais), bosque das ribeiras do río Borbén, o río Zamáns e os muíños das Maquías, marismas do Miñor, a costa acantilada de Baiona, a fraga de Oliveira, etc. Algúns xa son coñecidos por outras rutas de Camiño a Camiño, pero por primeira vez vanse percorrer de xeito contínuo.

Durante o primeiro trimestre realizaránse 3 etapas do GR-58, deixando outras 3 para o segundo trimestre e as restantes 6 etapas para o outono.

11 marzo (domingo): Sendeiro das Greas: Etapa 1 (saída de Vigo cara Nigrán)

18 marzo (domingo): Sendeiro das Greas: Etapa 2 (Nigrán - Baiona)

25 marzo (domingo): Sendeiro das Greas: Etapa 3 (Baiona cara Gondomar)

2º TRIMESTRE (Abril-Xuño): avance

Sendeiro das Greas (GR-58): Etapas 4, 5 e 6 (15.4, 22.4 e 29.4)

Rutas pola Península do Morrazo: Cabo Udra - Hío - Cangas (6.5 e 13.5)

Illas Cíes: Acampada, Visita e Voluntariado ambiental (19-20.5 e 26-27.5)

Ruta nocturna polos faros da Ría de Vigo: Faro Museo do Mar - Faro Cabo Estay - Faro Monteferro - Faro Cabo Silleiro (2.6 e 9.6)

RUTAS POR GALICIA

1º TRIMESTRE (Xaneiro – Marzo)

Visita ás Covas do Rei Cintolo (Mondoñedo)

Como continuidade á experiencia da primavera de 2011 e dada a elevada demanda, vaise reeditar a visita á cova máis grande de Galicia, con máis de 7500 m de lonxitude. No interior poderase ver unha fantástica paisaxe de salas e galerías, así como intuír como o río interior que a atravesa traballa de seguido o macizo calizo.

Ademais, terase ocasión de coñecer a lenda asociada á cova, como foi descuberta e o ecosistema que habita nela.

Na medida en que o acceso á cova esta limitado a grupos de 15 persoas, está previsto ofertar 30 prazas para acceder á cova en dous turnos. Outras 20 prazas estarán dispoñibles para acompañantes que queiran realizar unha ruta polos prezosos paraxes que a rodean, chegando a unha fervenza de fermosa presenza.

5 febreiro (domingo): Covas Rei Cintolo: Grupo 1

11 marzo (domingo): Covas Rei Cintolo: Grupo 2

18 marzo (domingo): Covas Rei Cintolo: Grupo 3

2º TRIMESTRE (Abril-Xuño): avance

Rutas por Cabeza de Manzaneda: (abril)

Rutas polas Médulas: (maio)

ACTIVIDADES INFANTÍS E FAMILIARES

1º TRIMESTRE (Xaneiro – Marzo)

Programa de iniciación a deportes na natureza

A iniciación á calquera disciplina deportiva cómpre realizar dende idades tempranas. No caso da disciplinas relacionadas coa natureza tamén: espeleoloxía, escalada, orientación, etc

Por tal motivo, durante o 1º trimestre de 2012 vaise desenvolver un programa de iniciación a deportes na natureza dirixido ao público infantil (8 a 14 anos) e, segundo os casos, coa posibilidade de ser acompañado polos pais e nais ou familiares.

25 febreiro (sábado): Cova de Cortiñas

O programa inicianse as actividades visita á Cova de Cortiñas (Bierzo). Trátase dunha cova idónea para a iniciación por dispór dunha configuración sen moitos desniveis e moi acaida para realizar gateras, oposicións, destrepes, etc). Tamén se poden contemplar todo tipo de formacións, incluídas pequenas excéntricas, gourgs, columnas, etc.

Farase a actividade en colaboración co Espeleo Club Aradelas, sendo preciso que os participantes fagan unha ficha federativa ocasional.

3 marzo (sábado): Iniciación á escalada

De cara a iniciarse na técnica de escalada, montarase un rocódromo portátil no que os rapaces e rapazas e os seus acompañantes terán ocasión de aprender as técnicas básicas de escalada e poderán experimentalas nun recinto adaptado para a ocasión.

10 marzo (sábado): Iniciación a deportes de aventura e interpretación medioambiental I

17 marzo (sábado): Iniciación a deportes de aventura e interpretación medioambiental II

24 marzo (sábado): Iniciación a deportes de aventura e interpretación medioambiental III

31 marzo (sábado): Iniciación a deportes de aventura e interpretación medioambiental IV

Nestas sesións terase a ocasión de aprender técnicas básicas de orientación, trekking, rappel, etc no entorno do embalse de Zamáns. Asemade, intercalaranse estas actividades con exercicios de interpretación ambiental a cargo de monitores especializados, onde se montará un laboratorio de campaña dotado de diverso instrumental como un microscopio dixital ou cámaras fotográficas.

CURSOS E VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL

1º TRIMESTRE (Xaneiro – Marzo)

Cursos de iniciación a Snorkel

Despois da boa acollida por parte de público de todas as idades durante o mes de decembro pasado, ábrese unha nova convocatoria durante o mes de febreiro.

Trátase de iniciarse na técnica de mergullo en superficie de xeito que permita aos participantes realizar observacións marinas nas praias da cidade. Particularmente está previsto facer prácticas desta disciplina nas actividades previstas nas Illas Cíes.

5 febreiro (domingo): Iniciación a snorkel I

12 febreiro (domingo): Iniciación a snorkel II

19 febreiro (domingo): Iniciación a snorkel III

Cursos de iniciación ao voluntariado medioambiental

De cara a realización de labores de voluntariado medioambiental nas Illas Cíes nas distintas convocatorias que están previstas en Semana Santa e no Verán, ábrese unha acción formativa para preparar aos participantes neste programa. Traballaranse contidos básicos sobre o voluntariado (dereitos e deberes, normativa, etc) e sobre voluntariado medioambiental nas Illas Cíes.

17 marzo (sábado): Iniciación ao voluntariado medioambiental I

24 marzo (sábado): Iniciación ao voluntariado medioambiental II

2º TRIMESTRE (Abril-Xuño): avance

Voluntariado medioambiental en Cíes (semana santa)

Cursos de iniciación ao voluntariado medioambiental (xuño, de cara a campaña de verán)

Destinatarios e Inscripcións

Destinatarios

Persoas maiores de idade empadroadas en Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade)

No caso de residir en Vigo e non estar empadroadado incluírase na Lista de agarda os venres, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.

Menores de idade. Nas rutas deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización (ver modelo). Nas actividades sen presenza de titores deberán cubrir unha autorización para a súa realización no momento de inscrición.

Inscrición no 010 de luns a xoves da mesma semana da actividade, de 8:00 a 20:00*

Datos mínimos de inscrición: Nome completo, DNI (no caso dos menores DNI do/da titor/ra), Teléfonos de contacto, Email (opcional), Data de nacemento

Cada persoa só poderá inscribir ata un total de 5 persoas, sendo necesario dispor todos os datos de inscrición.

A inscrición faise por estrito orde de chamada.

No caso de cubrirse o cupo da actividade ou de non estar empadroadado, pasarase á lista de agarda.

As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia as persoas empadroadas ás non empadroadas.

* No caso da Visita ás Covas de Cortiñas por parte de menores de idade, o prazo de inscrición é distinto. Ver detalle en actividade.

Máis información:

na web da Concellería de Medioambiente

no blog de Camiño a Camiño (<http://caminoacaminovigo.blogspot.com/>)